



DEPUTACIÓN ^A
ORUÑA

MEMORIA DA PRESIDENCIA

Como é sabido a elaboración do Presuposto da Deputación provincial, como de calquera organización pública, constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2009 refírese á súa presentación coa antelación necesaria para a súa aprobación e entrada en vigor o 1 de xaneiro próximo. Ponse así de manifesto, unha vez máis, coa elocuencia dos feitos, a cohesión e capacidade de xestión da coalición que asumiu o goberno provincial na súa decidida vontade de atender aos intereses da provincia con eficacia e sen dilacións.

Polo que se refire ao contido material do proxecto de Presuposto elaborado, deben efectuarse as consideracións que seguidamente se expresan:

A actividade política sempre require poñer en relación os instrumentos dispoñibles para lograr os obxectivos posibles. A definición realista, pragmática e rigorosa dos obxectivos a alcanzar require, con carácter previo, dunha análise axeitada da realidade sobre o que se proxecta para partir, así, dun diagnóstico correcto.

No momento actual son numerosos os indicadores que poñen de manifesto unha crise económica que proxecta sobre todos os axentes económicos as súas consecuencias:

- Un menor crecemento económico transmite os seus efectos negativos sobre a renda e o emprego.
- As Administracións públicas dispoñen de menos ingresos polos tributos que están vinculados á actividade económica e teñen que atender aos crecentes gastos que xeran os servizos públicos.
- As empresas enfróntanse a unha menor demanda que pon en risco os seus beneficios e, polo tanto, a súa viabilidade.
- Os cidadáns, no seu conxunto, ven limitadas as posibilidades de emprego e de consumo.

Polo tanto calquera acción pública que se leve a cabo debe tomar en consideración o escenario sucintamente descrito e non para resignarse a el senón para contribuír a superalo o antes posible e para corrir os efectos negativos que puidesen afectar aos sectores menos protexidos da sociedade.

Neste contexto é necesario significar que os concellos tamén se enfrontan a dous retos singulares no exercicio 2009:

- Uns ingresos sensiblemente afectados pola menor actividade inmobiliaria e polas previsións dos recursos procedentes da participación nos tributos do Estado.
- Uns gastos crecentes pola prestación dos relevantes servizos públicos municipais, os custos dos cales experimentan incrementos significativos.

Tamén quero significar aquí que a Deputación da Coruña afronta a situación descrita cunha situación de "saúde" económica, presupostaria e financeira, que é o resultado dun rigor permanente na xestión dos seus recursos, e que lle permitirá abordar novos e necesarios proxectos no futuro inmediato sen poñer en risco a estabilidade e sostibilidade das súas finanzas.

É evidente, como máis adiante se exporá, que a Deputación Provincial da Coruña tamén se enfronta a uns ingresos máis limitados que en exercicios anteriores e, polo tanto, un primeiro criterio orientador na elaboración e a posterior xestión do presuposto para o exercicio 2009 é o da maior austeridade posible nos gastos correntes. Esta foi unha máxima constante na xestión provincial, pero no exercicio 2009 levarase a cabo un conxunto de actuacións que teñen por obxectivo común a austeridade e contención no gasto corrente.

1. O presidente, vicepresidente e demais deputados con dedicación exclusiva percibirán as mesmas retribucións que no exercicio 2008 e non experimentarán incremento ningún as contías por asistencias a órganos colexiados.

2. No ámbito do persoal funcionario e laboral contemplaranse os incrementos previstos na Lei de presupostos xerais do Estado e as necesarias para completar o Plan de emprego provincial 2006-2009 e os imprescindibles para reorganización ou reclasificación administrativa considerados no plan citado.

Redúcense ao mínimo imprescindible as dotacións para persoal interino e temporal.

3. Mantéñense practicamente para 2009 as dotacións do exercicio 2008 para gastos de representación e publicidade institucional.
4. Reconsideráanse todos aqueles programas de gasto corrente vixentes para valorar a súa limitación cuantitativa se non afectan a servizos públicos esenciais.
5. Poranse en práctica, prioritariamente, todos os proxectos de aforro que resulten das auditorías enerxéticas dos servizos públicos provinciais e dos municipios da provincia, previstas no Programa PEACE.

En segundo termo, outro criterio orientador do Presupuesto provincial do exercicio 2009 consiste en priorizar os investimentos, transferencias e subvencións dirixidas aos servizos públicos municipais para garantir o seu funcionamento en termos de calidade e eficiencia. Neste apartado inclúese, tamén un esforzo adicional para financiar servizos esenciais que se prestan por varias administracións públicas asociadas: Consorcio Provincial para a Extinción de Incendios e Protección Civil, Consorcio das Mariñas, Consorcios turísticos para a Promoción da Costa da Morte, do Barbanza e de Ferrol –Ortegal.

O terceiro destino prioritario dos recursos provinciais oríentase a investimentos produtivos: en estradas e travesías de titularidade provincial (para mellorar as condicións e a seguridade do tráfico), en instalacións culturais e deportivas (para completar a dotación de infraestruturas municipais), en subministración e depuración de augas residuais (especialmente a núcleos de especial impacto ambiental), en sistemas de aforro e eficiencia no uso da enerxía nos servizos públicos municipais.

O cuarto eixe vertebrador das actividades provinciais enmárcase na planificación estratéxica e a programación plurianual da acción provincial. Continuarase a execución do Plan estratéxico provincial 2007-2013 e procurarase a participación nos Fondos Europeos a través dos proxectos compartidos cos concellos.

Un quinto ámbito de actuación confórmao a innovación tecnolóxica e a incorporación de novas tecnoloxías á actividade provincial (e-bop, oficina tributaria virtual, contratación electrónica, xestión telemática de subvencións) e municipal (colaboración na implantación da "Administración electrónica" en pequenos e medianos concellos da provincia)

Finalmente, o Presuposto provincial do exercicio 2009 recolle un incremento notable nas accións destinadas a servizos e actividades de solidariedade social prestados pola propia deputación (centro de formación xuvenil, atención á infancia,...) polos concellos, fundacións, asociacións e por entidades privadas sen ansia de lucro. Neste apartado debo indicar que, a pesar das dificultades, tamén se procura atender a solidariedade coas comunidades galegas no exterior.

O Presuposto provincial do exercicio 2009 ascende a 201.406.100,00 €, o que representa 177,80 €/ por habitante. O incremento global do Presuposto do exercicio 2009 con respecto ao do exercicio 2008 é de 4.156.100,00 € que equivale a un 2,11% o que evidencia, unha vez máis as limitacións estruturais dos ingresos provinciais.

A) ESTADO DE INGRESOS

1. As previsións de ingresos totais para o exercicio 2009 ascenden a 201.406.100,00.€, o que supón un incremento do 2,11% sobre as previsións iniciais do exercicio 2008.
2. A maior importancia en termos tanto absolutos como relativos constitúeo o apartado xenérico de participación nos tributos do Estado que ascende a un importe total de 119.291.730,00 €. A evolución e este concepto está condicionada pola situación económica xeral e no exercicio 2009 mantense a súa contía pola liquidación definitiva do exercicio 2007, pero a súa evolución futura será decisiva para a sostibilidade das facendas locais. En realidade, a menor recadación previsible dos tributos estatais cedidos ou incluídos no cálculo da participación en tributos do Estado proxectarase sobre as facendas locais de forma decisiva.
3. Os recursos propios provinciais experimentan un moderado incremento como consecuencia das modificacións aprobadas nas Ordenanzas fiscais que rexerán no exercicio 2009 e da rendibilidade que se pretende obter da xestión financeira dos recursos dispoñibles.
4. Neste apartado quería destacar dúas realidades que son o resultado de decisións adoptadas por unanimidade na Corporación provincial:

Mantense o acordo de declarar gratuítos os anuncios oficiais ordinarios que deben publicar os concellos e as distintas administracións públicas no Boletín Oficial da Provincia.

- Incrementouse a porcentaxe para determinar a entrega a conta os concellos que nos encomendaron a recadación dos seus tributos, e ampliaron o período temporal da súa encomenda. Desta forma os concellos usuarios dos servizos de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria provincial disporán mensualmente dun anticipo maior a conta da recadación dos seus

tributos ou, o que é o mesmo, disporán dunha operación de tesouraría sen custo financeiro ningún. (O 90 por 100 da recadación previsible dos tributos a xestión da cal e recadación se delegou na deputación)

5. A apelación ao crédito límitase, para o exercicio 2009, a 7.900.000 de €, menos que o importe total que se destinará durante o exercicio 2009 a amortizacións dos "empréstitos vivos", o que implica unha minoración significativa no capital pendente de amortizar. Por dicilo doutro modo, diminuiremos, unha vez máis, a nosa débeda viva que será menor o 31 de decembro de 2009 que en calquera dos últimos 15 anos.
6. Contémplanse diferentes achegas de Fondos Europeos destinados a financiar proxectos provinciais previstos e propostos no marco do Plan estratéxico provincial. O novo período de programación dos Fondos Europeos 2007-2013 constitúe un reto e unha oportunidade única e prioritaria para Galicia. A Deputación Provincial da Coruña dispón dunha estrutura funcional e orgánica dirixida a aproveitar ao máximo esta posibilidade de financiamento de proxectos públicos.
7. Non se contempla ingreso ningún pola participación nos tributos da Comunidade Autónoma. En efecto, como é sabido, a actual regulación do Fondo Galego de Cooperación Local non considera ás Deputacións provinciais entre os seus destinatarios. É a miña obriga institucional recordar aquí, unha vez máis que se está a incumplir, ao meu modo de ver, reiteradamente o mandato imperativo contido no artigo 142 da Constitución Española xa que cando establece que "*as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas*" refírese a todas as entidades locais enumeradas nos artigos anteriores do propio texto constitucional, é dicir, aos municipios e as provincias.

B) ESTADO DE GASTOS

As propostas contidas no Estado de Gastos do Proxecto de Presuposto Provincial para o exercicio 2009 concretan e materializan os criterios orientativos expresados anteriormente:

1. En aplicación dos criterios indicados, no capítulo I de Gastos de Persoal recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos adquiridos no Plan de emprego do período 2006 -2009, acordado cos representantes do persoal funcionario e laboral. Tamén aquí se deseñou un marco plurianual de programación das accións en materia de recursos humanos que permita afrontar os retos tecnolóxicos e modernizadores emprendidos nos distintos servizos provinciais.

Adecúanse as retribucións ás previsións contidas nas normas de aplicación, actualízanse os créditos destinados a Acción Social mediante un incremento do 3 por cento das previsións de 2008 e mantéñense as dotacións do exercicio anterior para reorganización administrativa, promoción interna e mellora dos servizos públicos.

2. Entre os proxectos de gasto que se incorporan ao Presuposto provincial do exercicio 2009 considero necesario destacar os que seguidamente se enumeran:

2.1) Dedicáanse 10.000.000,00 € para abordar na anualidade 2009 o Plan de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes.

2.2) Quero subliñar aquí tres programas xa iniciados no exercicio 2008:

- Un Plan integrado de seguridade viaria en vías provinciais. En 2009 contéplanse 6.500.000,00 € para o Plan VIP e 6.500.000,00 € para conservación de vías provinciais.
- Un Plan de eficiencia enerxética nos servizos públicos de titularidade municipal. (2.000.000,00 €)
- Un Plan integral de protección e aproveitamento de ríos da provincia coa experiencia inicial do río Mandeo cunha dotación de 8.000.000,00 €

Para todos estes proxectos solicitamos a colaboración económica e administrativa da Comunidade Autónoma, da Administración do Estado e dos Fondos Europeos, aínda que levaremos á práctica, tan pronto como sexa posible a achega provincial prevista no proxecto de Presuposto para o exercicio 2009, que é continuación da iniciada no exercicio 2008.

2.3) No presuposto provincial 2009 insítese na promoción económica dos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, enerxías renovables, etc.

2.4) Mantéñense os programas de solidariedade iniciados no exercicio 2004, destinados ás comunidades galegas no exterior, a organizacións non gobernamentais, a asociacións e entidades prestadoras de servizos sociais, etc.

2.5) Tamén se manteñen outros programas iniciados no exercicio 2004 que seguimos considerando prioritarios e preferentes: políticas de igualdade de xénero (1.337.000,00 €) e de normalización lingüística (768.800,00 €).

2.6) Establécense recursos orientados ao financiamento de proxectos de iniciativa pública ou privada que se dirixen á captación de recursos procedentes da Unión Europea.

2.7) Destínanse importantes recursos aos plans provinciais de iniciativa estatal, aos convenios para investimentos municipais e aos investimentos de iniciativa provincial para mellorar as estruturas e servizos municipais, que tan directamente afectan ao benestar cidadán.

DOTACIÓN PRESUPUESTARIA TOTAL DOS PLANS
PROVINCIAIS DO EXERCICIO 2009

DENOMINACIÓN DO PLAN	PREVISIÓN GASTOS 2009
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS. (POS)	23.700.000
REDE VIARIA LOCAL	1.803.037
Programa MANDEO	8.000.000
Programa PEACE	2.000.000
PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS	10.000.000
PLAN DE PARQUES INFANTÍS	1.900.000
PLAN CONSERVACION VIAS PROVINCIAIS	6.500.000
PLAN INVESTIMENTO VIAS PROVINCIAIS E TRAVESIAS	6.500.000
TOTAL PLANS	60.403.037

- 2.8) Insístese no carácter prioritario da asistencia aos municipios da provincia en materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas e da modernización administrativa a través dos recursos inicialmente asignados a estes labores para o exercicio 2009.
- 2.9) Dedicáanse 3.641.413,00 € a transferencias correntes e 1.200.000,00 € a transferencias de capital destinadas, ambas as dúas, ao Consorcio Provincial de Prevención e Extinción de Incendios, para contribuír á loita contra os seus efectos devastadores tan coñecidos pola sociedade galega e aos que resulta tan sensible calquera cidadán responsable.
- 2.10) Intentamos modernizar significativamente os recursos informáticos municipais provinciais e dos cidadáns a través de programas dirixidos ao Servizo Provincial de Xestión, Inspección e Recadación tributaria, á informatización integral da xestión municipal, ao Boletín Oficial da Provincia, á contratación electrónica e á oficina tributaria virtual.
- 2.11) Lévese a cabo un novo esforzo por manter actualizada a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local tanto no seu contido coma no seu soporte (internet).
- 2.12) No pode finalizarse este breve comentario sobre os gastos provinciais do exercicio 2009 sen manifestar a extraordinaria contención dos gastos correntes, que limitan a súa dotación aos mínimos legais e operativos imprescindibles.
- 3) Para abordar os ambiciosos proxectos propostos cos limitados recursos dispoñibles faise necesario acudir ao endebedamento por un importe de 7.900.000 €. Varias reflexións deben efectuarse respecto desta decisión de apelación ao crédito:

3.1) O préstamo proxectado destínase integramente a financiar parte da achega provincial ao Plan de Obras e Servizos. Investimentos destinados a mellorar as infraestruturas e servizos provinciais que tan directamente inciden na calidade de vida do cidadán. O financiamento do Plan de Obras e Servizos Municipais será, polo tanto a seguinte:

INVESTIMENTO TOTAL POS	FINANCIAMENTO				
	ESTADO E FEDER	CONCELLOS	DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS	PRÉSTAMO	TOTAL
24.947.368,42	3.327.684,00	1.247.368,42	12.472.316,00	7.900.000,00	24.947.368,42

3.2) Respéctase escrupulosamente o obxectivo de estabilidade presupostaria. É máis, co criterio de estabilidade presupostaria, a marxe de financiamento pola vía de préstamos podería ser superior no exercicio 2009 e alcanzar a contía de 4.271.234,00 €

Se temos en conta que no exercicio 2009 se dedican a amortizacións de préstamos vivos 11.699.513,35 € e que a apelación a novos préstamos é de 7.900.000,00 € podemos concluír que se reducirá a débeda viva a 31/12/2009 en 3.799.513,35 €

C) PRINCIPAIS INDICADORES DE XESTIÓN

Para levar a cabo as actividades que se comprenden no presuposto co financiamento previsto, han de terse en conta necesarios equilibrios económicos, funcionais e de estabilidade presupostaria. A continuación descríbense algúns dos indicadores en relación ao do Proxecto de Presuposto Provincial para o exercicio 2009.

1. - AFORRO BRUTO

No informe da Intervención provincial avalíase esta magnitude nas seguintes cifras:

TOTAL IMPORTE DO AFORRO BRUTO:	PRESUPOSTO 2009 (Método A)	LIQUIDACIÓN 2007 (Método B)
En cifras absolutas	75.670.431,00	86.403.410,37
En porcentaxes sobre ingresos previstos por operacións correntes	41,67	49,12

II.- AFORRO NETO

No informe citado determínase esta magnitude e chégase aos seguintes resultados.

TOTAL IMPORTE DO AFORRO NETO	Método A	Método B
En cifras absolutas	62.393.945,76	73.126.925,13
En porcentaxes sobre ingresos previstos/liquidados	34,37	41,57

III.- CARGA FINANCEIRA TEÓRICA ANUAL

A evolución prevista da carga financeira responde ao seguinte detalle:

ANO	TOTAL CARGA FINANCEIRA TEÓRICA ANUAL	% CARGA FINANCEIRA S/ RECURSOS LIQUIDADOS POR OPERACIÓN CORRENTES
1994	13.810.165,43	18,47
1995	13.172.871,02	17,02
1996	13.497.296,87	16,89
1997	12.530.604,56	14,05
1998	10.090.215,23	10,73
1999	11.999.237,92	12,64
2000	12.553.597,09	11,96
2001	14.694.050,03	13,65
2002	14.377.676,81	12,93
2003	14.209.166,80	11,34
2004	14.977.008,80	11,95
2005	12.850.761,72	10,25
2006	13.964.895,25	9,64
2007	15.651.984,03	11,26
2008	17.401.062,42	10,62
2009	18.534.629,24	10,53

A porcentaxe de carga financeira para o exercicio 2009 é inferior ao da maioría dos anos do período 1994-2007, e diminúe en 0,09 puntos con respecto á do exercicio 2008.

CARGA FINANCIERA TEÓRICA ANUAL	
En cifras absolutas	18.534.629,24
En porcentaxes sobre recursos liquidados exercicio anterior	10,53

D) Bases de Execución do Presuposto

Tamén se adecúan as Bases de Execución do Presuposto en distintos apartados dos que interesa agora destacar os que se indican seguidamente:

- Mantense un límite máximo, voluntario, ás subvencións a outorgar, de modo que non poidan exceder do 80 por 100 do Presuposto da actividade ou investimento a realizar, co fin de garantir, en todo caso, o principio de adicionalidade e asegurar o interese real e efectivo do destinatario no obxecto e finalidade da acción de fomento. Só excepcional e motivadamente o Pleno poderá excepcionar este límite voluntario.
- Establécese a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de internet da deputación de todas as subvencións outorgadas en réxime de concorrencia, como un exercicio de transparencia total na acción pública provincial, indicando a persoa física ou xurídica beneficiaria, a finalidade perseguida e o importe outorgado
- Encoméndaselle á Intervención provincial que leve a cabo un novo Plan anual de control financeiro das subvencións aboadas no exercicio anterior para verificar que os fondos provinciais asignados a organismos, asociacións, institucións, federacións e entidades e/ou particulares, foron destinados integramente á finalidade de interese publico pretendida, do que se dará conta ao Pleno provincial para o seu coñecemento e efectos.
- Actualízase o réxime dos "contratos menores" á normativa de contratos do sector público, mantendo os obxectivos de eficacia e transparencia.
- Adóptase a decisión de que as subvencións que se outorguen no exercicio 2009 aos concellos da provincia sexan "prepagables", é dicir, que se aboen aos concellos inmediatamente despois do acto de outorgamento, para que contén co financiamento necesario e anticipado para realizar as actividades ou investimentos subvencionados.

Preséntase así o presuposto posible cos recursos previsibles que procura alcanzar obxectivos de progreso e xustiza social para os concellos e os cidadáns da provincia.

Para a súa aprobación e execución efectiva solicito a colaboración de todos os membros da Corporación, do persoal provincial e, en fin, de cantos contribúen diariamente a mellorar o benestar económico e as condicións de vida xerais.

A Coruña, 21 de novembro de 2008

O PRESIDENTE

SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA